

O MEU VAL MIÑOR

- *O estanque dourado*
- *Predela para "Fendas nas cores" de Alfonso Soliño Troncoso*
Demetrio López Garrido
- *Sesión de voo*
Gonzalo Navaza
- *Estampas gondomareñas IV*
Antonio de Bade
- *Máis Xabarín*
Iglesias Viqueira
- *Porto de baixura*
- *Desaparecidos*
José Manuel Veiga Casás

O estanque dourado

DEMETRIO LÓPEZ GARRIDO

A X. L. Méndez Ferrín

Dis
O estanque dourado

Estanque de augas profundas xa salgadas
Cheas de sol un ouro tibio
Acaricia os labios agretados pola sede
Dourado sal en cuncha peregrina
Que unha man desliza con suavidade ata o fondo
Escuro e ardente do estanque

Corrente pura cristalina
Nos altos muíños do Arnoia
Nos altivos segredos da serra
Fiiño agora roto en mil pedazos
Acaso só unha molécula que os ollos ávidos perciben
É anagada dignamente polas ondas douradas

Dis
O estanque dourado

Toxo molar codeso o niño inquieto
Lavadeira das neves ambruíña
Aquel canto venal dos jeans cinguidos
As tenruras agónicas da radio soterrada
Nos umbrales de plástico as crecidas
Tantas ten arrastrado tanto
Tanto desfeito a penas recoñeces
Varice de lodo acumulado que permanente nos une
No estanque dourado

Impávidos areeiros drenan o Río na baixamar
As barcazas aproan cara á terra inimiga

Por Salcidos
Pasa a auga
Do olvido